Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

San Francisco Blanco

Frade franciscano nacido en 1570 en Tameirón, A Gudiña (Ourense) e que morreu crucificado no Xapón, no monte Tateyama,o 5 de febreiro de 1597. Na igrexa de Outarelo, O Barco de Valdeorras (Ourense) conservan anacos do seu cranio. Os seus paisanos de Tameirón fan festa na súa memoria cada 5 de febreiro.

É avogoso contra as dores de cabeza e a tolemia.

Sendo neno viña un día do monte cun carro de estrume e o carro envorcou. O pai que ía canda el rifoulle e despois foi buscar axuda pero cando regresou na compaña duns veciños, o carro xa estaba dereito e coa carga posta no seu sitio. Disque foron anxos os que atenderon os rogos do neno e fixeron o milagre.

Sendo xa adulto e indo de viaxe cara o Xapón, Francisco Blanco pasou por Verín e fixo unha profecía en castelán:

¡Cordero, este lobo te comerá!

Profecía que se interpretou como, pois o frade miraba en fite o río, que Verín desaparecería por asolagamento baixo as augas do Támega.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

GIL ATRIO, C., Santos gallegos, Ourense, 1968.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Verín], Xerais, Vigo, 1999.

FERRO RUIBAL, Xesús, et al., Diccionario dos nomes galegos, Ir Indo, Vigo, 1992.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., O carro no folclore de Galicia, Serie Alicerces 16, Museo do Pobo Galego, 2003.

RODRÍGUEZ CRUZ, J., LOURENÇO FONTES, A.; Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca, Ir Indo Edicións, Vigo, 2004.